

Manuel Oreste Rodríguez López

Os grandes homes, os máis sabios e creativos que “*en el mundo han sido*”, deron vida a grandes descubrimentos científicos e literarios que, sen dúbida, impactaron na vida cotidiana das persoas.

Unha primeira reflexión farianos crer que eses grandes acontecementos terían de por si forza suficiente para proxectarse de cara ao futuro sen mermas do seu esplendor. Pero a experiencia común suxírenos que non é así, porque o paso do tempo e a fraxilidade da memoria humana erosionan, ocultan e desvanecen a grandeza dos maiores hitos da nosa historia. Quizás por esa circunstancia as sociedades más primitivas e tamén as más avanzadas, conscientes daquelas debilidades, organizan periódicamente eventos para celebrar os feitos más relevantes do noso pasado.

Conmemoramos cada ano o Día do Libro en honra ao noso insigne Miguel de Cervantes, o célebre escritor de *Don Quijote de la Mancha*, a novela más universal de todas cantas se escribiron en lingua castelá, e asimesmo instaurase tamén o gran premio nacional que leva o seu nome.

Celebramos cada ano o nacemento do noso Señor, acontecemento de carácter histórico-relixioso que commocionou o mundo; do mesmo xeito, o Domingo de Ramos e a Pascua de Resurrección.

Exaltamos o día da Constitución para destacar os valores democráticos que reconece e defende a nosa Carta Magna.

Festexamos o día das Letras Galegas co fin de enaltecer a importancia da nosa lingua e a dos literatos que sempre a usaron e defenderon (entre eles, o gran poeta humanista de Paradela); amén de outras moitas efemérides que se celebran ano tras ano.

Estas primeiras reflexións suxírennos que as grandes conquistas científicas e culturais, que nos legaron os nosos antepasados, deben renovarse, de cando en vez, para que o paso do tempo non tape a súa brillantez.

En coerencia coas consideracións anteriores, o concello de Paradela consciente do valor da obra creativa do seu gran poeta, Manuel-Oreste Rodríguez López, fillo predilecto daquel lugar, celebra cada ano un Certame Literario na súa honra para que a mensaxe humanista que el proxecta na súa obra se espalle non só entre as persoas más cultivadas, senón tamén entre aquellas que lles quede algúns grao de sensibilidade cultural. Os eloxios que merecen as obras creativas dos nosos ilustres literatos non deben durmir no caixón dos recordos porque collen óxido; deben divulgarse para que rexuvenezan.

O XXIII Certame Literario, Concello de Paradela, Premios poesía e narrativa que, neste ano 2018, vaise celebrar coa participación de 848 obras, das cales 410 corresponden a categoría de poesía e 438 á de narrativa, xa nos ilustran da gran relevancia que adquire este Certame, máxime se temos en conta que as persoas participantes veñen desde os máis diversos lugares do mundo.

O poeta humanista de Paradela

O noso poeta, humanista por formación e tamén por vocación, vivencia no máis íntimo da súa conciencia un gran amor polas persoas más humildes da sociedade, polas que sufren as inxustizas da clase poderosa e as que teñen que irse a lonxes terras na procura dun cacho de pan para dar aos seus fillos.

O espírito do noso humanista verte bágoas no seu interior por mor da dor, da tristura que lle provoca o éxodo dos seres más indefensos e, entre eles, as mulleres con fillos e as mozas... “*Onte chegaches para pedir traballo á gran cidade; que deixaches, dona, os cativños e o marido nunha casoupa...da noite roubas horas de descanso e fas roupiña pros meniños teus; comes codelos para aforrar os cartos do longo mes...Donas e mozas a milleiros fuxen a terra extraña, percurando o pan... Fica ermo o pobo, soio quedan vellos, homes eivados, silvas, corgas, nenos...*”

“*O meu poema, mesturado en sangue, alauda á probe e a emigrante cansa do vieiro longo, do camiño choído, desfeita en bágoas...Eu canto á dona que en lonxanos eidos soña os seus nenos!...Eu canto á moza que en cidade allea soña ca aldea!...Eu canto á avoa que acanea á filla da súa filla!*”

Non se cansa de cantar, unha e outra vez, a soildade na que vive o emigrante, nin de aldraxar “*á dona que no pazo folga e á burguesa que esqueceu a lingua e a caste súa*”.

Os seus pensamentos e sentimentos estiveron sempre guíados por valores humanos e enxebres... “*Que verde e garimosa a terra miña... a linguaxe que eu falo... e que escribín cheo de amor pras nosas xentes... onte vin un vellínio cunha caiada que choraba na porta da igrexa sacra... Turistas, novos ricos, ningunha ollada lle deron ó pasar, pero dan cartos pro crego e más pras ánimas sen lembrarse dos probes que soios bágoan*”.

Non olvida o recordo das nosas tradicións e costumes relacionadas cos traballos do campo; “*xa chegan as mallas. O pan enmedado, agarda o rapaz que ten que tiralo... gusta ver as mozas que falan berrando por mor do ruído do motor borracho...Gusta ver os mozos na palla carreando, valentes e fortes sen sentir cansancio... Acabado todo camiñan pra Pacios...*”.

A morriña que o acompañará sempre ao verse privado desde a súa tenra infancia da ledicia que lle producían as instantáneas labregas no entorno de Paradela prodúcelle unha gran queixume... “*Con saudade me lembro, Galicia, do maiguiño ranxer dos teus carros, que recrean con berros melosos os ouvidos do noble aldeano...Canto de ti me lembro, canto peno da terra emigrado...Terra que vai dende O Toural ó Loio, veiga onde nacín, doce, verde, cunca camiño do romeiro a Compostela...Polo mundo emigrante, triste, soio, estarei lonxe, pro...esquecerte nunca! Patria dos meus antergos, PARADELA!*

Ninguén pode presumir de máis amor ás persoas nin á súa terra que o gran poeta humanista de Paradela.

Lugo, 20 de outubro de 2018.
Ángel Fernández López